

RESOLUCIÓN REITORAL DO 28 DE MAIO DE 2025
POLA QUE SE RESOLVE PUBLICAR A
CONVOCATORIA DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS
DE DOUTORAMENTO PARA AS TESES LIDAS NO
CURSO ACADÉMICO 2024-2025

En cumprimento do establecido no artigo 45 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade de Vigo, esta Reitoría resolve publicar a convocatoria de Premios extraordinarios de doutoramento para as teses lidas nesta Universidade no curso académico 2024-2025 que acadaran a cualificación “Sobresáinte Cum Laude”, abranguendo o período entre o 1 de setembro de 2024 ata o 31 de xullo de 2025.

O número de premios e a súa distribución por ámbitos publicarase mediante Resolución Reitoral no prazo previsto no calendario da convocatoria. Consideraranse para esta convocatoria os ámbitos de Ciencias, Arte e Humanidades, Enxeñaría e Arquitectura e Xurídico-Social coa subdivisión destes segundo os campos de avaliación definidos pola CNEAI (*Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora*), tal como se indica no cadro seguinte:

Ambito	Campo CNEAI	Clave
Ciencias	1. Matemáticas e Física.	01 mf
	2. Química	02 q
	3. Bioloxía Celular e Molecular.	03 bcm
	4. Ciencias Biomédicas.	04 cb
	5. Ciencias da Natureza.	05 cn
Enxeñaría e Arquitectura	6.I Tecnoloxías Mecánicas e da Produción	06.1 tmp
	6.II. Enxeñarías da Comunicación, Computación e Electrónica	06.2 icce
	6.III. Arquitectura, Enxeñaría Civil, Construción e Urbanismo	06.3 aiccu
Xurídico-Social	7.1 Ciencias Sociais, Políticas e do Comportamento	07.1 cspc
	7.2 Ciencias da Educación	07.2 ce
	8. Ciencias Económicas e Empresariais.	08 cee
	9. Dereito e Xurisprudencia.	09 dj
Arte e Humanidades	10. Historia, Xeografía e Artes.	10 ha
	11. Filosofía, Filoloxía e Lingüística.	11 fl

Poderase outorgar inicialmente un premio por cada 10 teses ou fracción en cada campo CNEAI no que se teñan lidas polo menos 3 teses no curso 2024-25. Se algún campo CNEAI tivera menos de 3 teses, a EIDO o agrupará con outro/s segundo a súa afinidade.

1. Requisitos dos/as solicitantes

Os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1. Ter defendido a súa tese de doutoramento na Universidade de Vigo entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de xullo de 2025.
- 2. Que a tese de doutoramento acadase a mención “Cum Laude”.
- 3. Ter presentado no prazo establecido a documentación referida na sección 3 “Presentación formal de candidaturas”.



2. Asignación de campo CNEAI e ámbito e número de premios

O ámbito asignado a cada tese virá dado polo campo CNEAI que lle fora asignado pola Comisión Permanente da EIDO en función da súa afinidade temática. Con posterioridade ao 31 de xullo de 2024 publicarase un listado provisional de potenciais candidaturas coa asignación de campo CNEAI, así como as mencións acadadas, abríndose un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións (xustificadas e documentadas) sobre a dita asignación ou mención. Estas alegacións presentaranse a través da instancia xenérica da sede electrónica da Universidade de Vigo, <https://sede.uvigo.gal>.

A EIDO publicará antes do 09/09/2025 o listado definitivo de potenciais candidaturas, xunto co número de premios asignados por campo CNEAI e ámbito.

3. Presentación formal de candidaturas

O prazo de presentación de candidaturas será dende 01/06/2025 ao 12/09/2025.

Unha vez recibida a autorización correspondente a través da sede electrónica, os/as aspirantes poderán presentar a súa solicitude por vía electrónica a través da **“Instancia de participación nos premios extraordinarios de doutoramento”**, dispoñible no catálogo de procedementos (**“Premios Extraordinarios de Doutoramento 2025”**) da sede electrónica da Universidade de Vigo, <https://sede.uvigo.gal>.

Unha vez revisada a documentación presentada o candidato/a recibirá a comunicación, a través da sede electrónica, de estar admitido. O listado definitivo de admitidos e o número de premios por ámbito publicarase antes do 12/09/2025.

De forma excepcional para este procedemento, unicamente as persoas estranxeiras extracomunitarias, poderán usar medios de identificación electrónicos alternativos. Para isto deben iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal.

Dito formulario contén un apartado coa **listaxe das contribucións** máis relevantes derivadas da tese. Para cada contribución incluírase unha breve descrición recalando o seu impacto e a súa participación nela. O número máximo de contribucións será o seguinte:

- i. Cinco contribucións nos ámbitos de Arte e Humanidades, Enxeñaría e Arquitectura e Xurídico-Social. As solicitudes deberán numerarse en función da súa prioridade. No caso de que se presente un número de contribucións superior ao establecido na convocatoria (5 contribucións,) **solo se terán en conta as 5 primeiras.**
- ii. Dez contribucións no ámbito de Ciencias.

As contribucións deberán estar publicadas ou ter aceptación definitiva para a súa publicación. Non se considerarán traballos en fase de revisión (aínda que fose revisión menor).

É necesario aportar copia das contribucións da tese incluídas no apartado anterior. Se a contribución aínda non está publicada, deberá incluírse documentación acreditativa da súa aceptación definitiva.

Así mesmo o formulario ten outro apartado coa **listaxe das estadías**. Para cada unha delas deberá presentarse o documento que certifique a realización da estadía. Só poderán considerarse estadías previas á presentación da tese desenvolvidas no período de formación doutoral.

Rematado o prazo de presentación de candidaturas, publicarase a relación provisional de persoas admitidas e o prazo de alegacións, transcorrido o cal, publicarase a relación definitiva de candidaturas aceptadas.



4. Tribunais encargados de elaborar os informes de avaliación de teses candidatas aos premios extraordinarios

O Reitor nomeará, por proposta da Comisión Permanente da EIDO, como mínimo un tribunal por cada un dos catro ámbitos, coa misión de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento. Nos casos en que así se estime conveniente, poderá nomearse un tribunal específico para un campo CNEAI ou agrupación deles dentro dun mesmo ámbito.

Os departamentos e as comisións académicas dos programas de doutoramento da Universidade de Vigo poderán propor posibles membros dos tribunais para o ámbito que lles corresponda, utilizando para tal fin o formulario normalizado TC-29, dentro do prazo e procedemento establecidos ao efecto.

Os membros dos tribunais terán recoñecido polo menos 1 sexenio de investigación. Non poderán formar parte dos tribunais os/as directores/as, os/as titores/as e as persoas coautoras de patentes, artigos ou traballos dos e das estudantes de doutoramento que concorren aos premios no mesmo ámbito. **Tampouco poderá formar parte do tribunal quen teña un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao coa persoa doutoranda.**

Unha vez publicada a composición dos tribunais nomeados, abrírase un prazo de cinco días hábiles para posibles alegacións. Estudiadas as alegacións pola Comisión Permanente da EIDO, publicarase a composición definitiva mediante Resolución Reitoral.

As regras xerais de actuación dos tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión dos premios extraordinarios de doutoramento serán as que aprobou o Comité de Dirección da EIDO na súa reunión do día 29 de abril 2025 (Anexo 1 desta Resolución Reitoral).

No caso de quedar premios vacantes nun campo CNEAI (ou agrupación) dentro dun determinado ámbito, estes premios poderán recaer nas persoas candidatas non seleccionadas doutros campos CNEAI do mesmo ámbito, sempre que acadaran a puntuación referida no apartado 7 dos criterios de concesión. A proposta de concesión destes premios corresponderá á Comisión Permanente da EIDO en base ao criterio da puntuación acadada.

O Reitor,
Por R.R 30/05/2024
O Director da Eido
Antonio Collazo Fernández





Anexo 1

ACORDO SOBRE CRITERIOS DE CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO

Reunido o Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo en data 20 de maio de 2024 acordou:

- 1. Poderán optar aos premios extraordinarios de doutoramento todas aquelas teses que teñan a mención *Cum Laude*.
- 2. Establécense como mínimo os seguintes catro ámbitos: Ciencias, Arte e Humanidades, Enxeñaría e Arquitectura e Xurídico-Social. Non obstante, en función do número de teses poderá subdividirse algún deles, de ser posible, segundo os campos de avaliación definidos pola CNEAI (*Comisión Nacional Evaluadora de la Actividad Investigadora*).
- 3. Para cada ámbito (ou subámbito) nomearase un único tribunal que actuará para avaliar as teses defendidas nese ámbito.
- 4. Establécense os seguintes baremos xerais segundo o ámbito/subámbito:

CIENCIAS		Puntuación máxima	Puntuación global máxima
1. Mencións oficiais	Mención Internacional	15	20 puntos
	Tese en Réxime de Cotutela	15	
	Doutoramento Industrial	15	
2. Valoración das 10 contribucións máis relevantes"	Artigo en revista	7,5	75 puntos
	Autoría de libro	4,5	
	Capítulo de libro	2,5	
	Comunicación en congreso	1	
	Patentes	6	
	...		
	...		
	Outros	1	
3. Mobilidade	Por cada mes de estadia ata un máximo de 5. (Exclúense os tres primeiros meses de estadia se tivo mención internacional ou réxime de cotutela).	1	5 puntos

ARTE E HUMANIDADES		Puntuación máxima	Puntuación global máxima
1. Mencións oficiais	Mención Internacional	15	20 puntos
	Tese en Réxime de Cotutela	15	
	Doutoramento Industrial	15	
2. Valoración das 5 contribucións máis relevantes"	Artigo en revista	15	75 puntos
	Autoría de libro	20	
	Capítulo de libro	11	
	Comunicación en congreso	7,5	
	Catálogo e exposición	15	
	Premio e adquisición de obra artística	11	
	...		
	...		
	Outros	7,5	
3. Mobilidade	Por cada mes de estadia ata un máximo de 5. (Exclúense os tres primeiros meses de estadia se tivo mención internacional ou réxime de cotutela).	1	5 puntos



XURÍDICO-SOCIAL Campo CNEAI 7: Ciencias Sociais, Políticas, do Comportamento e da Educación.		Puntuación máxima	Puntuación global máxima
1. Mencions oficiais	Mención Internacional	15	20 puntos
	Tese en Réxime de Cotutela	15	
	Doutoramento Industrial	15	
2. Valoración das 5 contribucións máis relevantes"	Artigo en revista	15	75 puntos
	Autoría de libro	15	
	Capítulo de libro	10	
	Comunicación en congreso	6	
	...		
	...		
3. Mobilidade	Outros	6	5 puntos
	Por cada mes de estadia ata un máximo de 5. (Exclúense os tres primeiros meses de estadia se tivo mención internacional ou réxime de cotutela).	1	

XURÍDICO-SOCIAL Campo CNEAI 8: Ciencias Económicas y Empresariais.		Puntuación máxima	Puntuación global máxima
1. Mencions oficiais	Mención Internacional	15	20 puntos
	Tese en Réxime de Cotutela	15	
	Doutoramento Industrial	15	
2. Valoración das 5 contribucións máis relevantes"	Artigo en revista	15	75 puntos
	Autoría de libro	7.5	
	Capítulo de libro	5	
	Comunicación en congreso	4	
	...		
	...		
3. Mobilidade	Outros	4	5 puntos
	Por cada mes de estadia ata un máximo de 5. (Exclúense os tres primeiros meses de estadia se tivo mención internacional ou réxime de cotutela).	1	

XURÍDICO-SOCIAL Campo CNEAI 9: Dereito e Xurisprudencia.		Puntuación máxima	Puntuación global máxima
1. Mencions oficiais	Mención Internacional	15	20 puntos
	Tese en Réxime de Cotutela	15	
	Doutoramento Industrial	15	
2. Valoración das 5 contribucións máis relevantes"	Artigo en revista	15	75 puntos
	Autoría de libro	30	
	Capítulo de libro	15	
	Comunicación en congreso	4	
	...		
	...		
3. Mobilidade	Outros	4	5 puntos
	Por cada mes de estadia ata un máximo de 5. (Exclúense os tres primeiros meses de estadia se tivo mención internacional ou réxime de cotutela).	1	

ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA		Puntuación máxima	Puntuación global máxima
1. Mencions oficiais	Mención Internacional	15	20 puntos
	Tese en Réxime de Cotutela	15	
	Doutoramento Industrial	15	
2. Valoración das 5 contribucións máis relevantes"	Artigo en revista	15	75 puntos
	Autoría de libro	10	
	Capítulo de libro	5	
	Comunicación en congreso	5	
	Patentes	15	
	...		
3. Mobilidade	Outros	5	5 puntos
	Por cada mes de estadia ata un máximo de 5. (Exclúense os tres primeiros meses de estadia se tivo mención internacional).	1	



5. As puntuacións do apartado 1 (mencións oficiais) considéranse fixas segundo o baremo e non requiren da avaliación do tribunal ao ser mencións oficiais que constan na titulación. En caso de que algún/ha solicitante supere o máximo establecido neste apartado 1, a súa puntuación será a máxima permitida para o dito apartado, sen que teña isto ningunha repercusión na puntuación dos/as restantes candidatos/as.
6. En caso de que algún/ha solicitante supere o máximo establecido no apartado 2 (valoración das contribucións), obterá a máxima puntuación prevista quen teña a maior valoración no apartado, e para o resto ponderarase de xeito proporcional.
7. Para optar ao premio extraordinario será requisito acadar 50 puntos no total ou 40 puntos no apartado 2 (sen aplicar para isto ponderación ningunha en ambos casos).
8. Para o apartado 2, cada solicitante incluírá unha breve descrición de cada contribución, recalcando o seu impacto e a súa participación nela.
9. Cada comisión completará e matizará o baremo xeral de ámbito ou subámbito, especificando o seguinte:
 - a. No apartado de valoración das contribucións deberá especificar un coeficiente multiplicativo na valoración da contribución que mida **a relación da contribución coa tese**. Este coeficiente será igual a 1 para relación directa e 0 para ningunha relación. O baremo específico poderá graduar a posible relación indirecta.
 - b. No apartado de valoración das contribucións, para cada categoría o baremo específico establecerá a gradación da puntuación segundo **a calidade ou impacto da mesma**. Recoméndase que esta valoración específica estea relacionada con criterios existentes que poden servir de referencia, como por exemplo:
 - i. Os criterios específicos da CNEAI para cada campo de avaliación
 - ii. Criterios da produción científica e de transferencia da universidade.

En calquera caso, deberá valorarse a calidade intrínseca do contido da contribución, con independencia da identidade da revista na que foi publicado.
 - c. No apartado de valoración das contribucións poderá graduarse a puntuación tamén pola **importancia da participación do solicitante**. Recoméndase que esta valoración específica permita unha valoración gradual e proporcional da contribución no referente ao número de autores.
 - d. No apartado de mobilidade, o baremo específico graduará a **calidade da estadía**. Como exemplo poderá graduarse polo seu carácter nacional ou internacional, pola calidade e adecuación do centro de destino, polo prestixio do/a supervisor/a da estadía, etc.
10. Establécense o seguinte procedemento de actuación para os tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento. Para cada unha das etapas usaranse formularios normalizados:
 - a. Constitución do Tribunal nomeado polo Reitor, asinando a acta no formato normalizado correspondente. Cada tribunal poderá constituírse e funcionar con, polo menos, tres membros. En calquera caso, só poderán actuar os membros que o constituísen.
 - b. Publicación do baremo específico a aplicar para avaliar os méritos nunha acta asinada por todos os membros do Tribunal. Esta publicación deberá ser anterior á apertura do prazo para a presentación de candidaturas, e abrírase un prazo para presentar alegacións (xustificadas e documentadas). No caso de terse recibida algunha alegación, o tribunal deberá reunirse de novo para valorar as alegacións, e elaborar un informe sobre estas que trasladará a EIDO; a partir do informe emitido, a Comisión Permanente da EIDO aprobará e publicará os baremos específicos definitivos.
 - c. Avaliación polo tribunal das teses a partires da documentación presentada polas persoas candidatas, e elaboración dun informe provisional coas puntuacións acadadas.



- d. Publicación do informe provisional de avaliación, tras o cal, abrírase un prazo para que os/as solicitantes presenten as alegacións ao informe provisional, se as houberse. Na fase de alegacións non será admitida información adicional á presentada na solicitude admitida a trámite.
- e. Unha vez rematada a fase de alegacións, de non recibirse ningunha, o informe provisional coas puntuacións pasará a ser definitivo.

No caso de terse recibida algunha alegación, o tribunal deberá reunirse de novo para valorar as alegacións e elaborar un informe sobre estas que será remitido ao alegante. Á vista deste informe de resposta, o alegante pode presentar unha reclamación ante a Comisión Permanente da EIDO que, tras analizar a reclamación presentada e o expediente do proceso, admitirá ou non a trámite dita reclamación. No caso de ser aceptada a reclamación, a Comisión Permanente remitiralle ao tribunal a súa resolución, indicando de forma concreta os aspectos da avaliación que deben ser revisados. Os tribunais dos premios extraordinarios, atendendo a esas indicacións, examinarán o expediente e emitirán un informe definitivo de avaliación que será remitido a EIDO para a resolución da reclamación.

- f. A partir dos informes de avaliación definitivos e os criterios de concesión, a EIDO publicará a proposta de adxudicación dos premios extraordinarios de doutoramento que será elevada ao Consello de Goberno.

En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate: 1) maior puntuación no apartado (2) de valoración das contribucións; 2) maior puntuación acumulada (sen recorte polo máximo) no apartado (1) de mencións oficiais; 3) menor número medio de coautores nas contribucións do apartado (2); 4) xénero menos representado no ámbito; e 5) maior idade.

